

# A LANCHА XEITEIRA

# A LANCHA XEITEIRA

**LOCALIZACIÓN:** Este barco, hoxe extinguido, foi durante séculos a embarcación de pesca máis común e representativa do noso litoral, estendéndose a súa presencia dende as costas coruñesas ata a desembocadura do río Miño.

**CARACTERÍSTICAS:** Embarcación de dúas proas simétricas das que se distingue arquitectónicamente a proa da popa pola harmoniosa curva que por debaixo da flotación enlazaba a roda coa quilla.


Propulsada a vela e remo, presentaba unha cuberta que se estendía de proa ata o centro da embarcación prolongándose por dous anchos corredores, que se unían a popa formando un semicírculo, rodeada toda ela por un cintón (caurel) interior que protexía a entrada de auga dende a cuberta, ofrecendo unhas excelentes cualidades para navegación a vela.

As súas liñas permitíanlle navegar con estabilidade e portando a súa grande vela sen necesidade de incorporar lastre, o cal facilitaba a navegación a remos coa ausencia de vento.

O seu aparello vélico destaca pola súa simplicidade e boas cualidades para "bolina", así como pola lixeireza da súa montaxe que permitía alternar a vela e remo.

**CONSTRUCCIÓN:** De banceado "a tope", na súa construcción utilizábase madeira de carballo na quilla, roda, codaste e cadernas e piñeiro do país para o banceado e a cuberta.

**ACTIVIDADES:** No momento da súa desaparición, dedicábase á pesca da sardiña, utilizando para a súa captura o aparello do "xeito", do que recibe o nome polo que a coñecemos na actualidade.



**NOVA MARIÑA**

Eslora: 8,18 m.

Manga: 2,80 m.

Puntal: 0,80 m.

Data construcción: Xuño 1993

Construcción: Escola-taller  
de carpintería de ribeira

**VELA "de Relinga"**


– Bordura: 6,24 m.

– Valuma: 6,22 m.


– Grátil: 9,13 m.

– Verga: 4,22 m.

– S. P. V.: 37 m<sup>2</sup>



# ÁREA DE SITUACIÓN



ESCOLA TALLER DE  
CARPINTERÍA DE RIBEIRA  
MARÍN - GALICIA

P O R T U G A L